



PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES 12 DE OUTUBRO

CURSO 2023 – 2027

INDICE

1. Introducción
2. Linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento
3. Situación sociolingüística do noso centro
4. Linguas que se empregan nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento
5. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo
6. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten
7. Dinamización da lingua galega
8. Dinamización das linguas estranxeiras

1. INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Constitución Española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos/as teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, de conformidade coas disposicións precedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao



remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Para conseguir estes fins, cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de Normalización Lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego en todos os niveis e graos non universitarios. Neste sentido, é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo internacional de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social, posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, seguindo para iso o marco delimitado pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, e a Lei Orgánica 3/2020, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

A mobilidade do estudiantado e do profesorado que caracteriza a nosa sociedade non debe constituír un atranco para alcanzar os obxectivos descritos, senón que debe ser compatible co mantemento da singularidade cultural de Galicia e da lingua propia no ensino.

Na súa virtude, e en uso das atribucións conferidas, o IES 12 de Outubro de Ourense elaborou este proxecto lingüístico.



2. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS, MATERIAS, MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECIMENTO

A normativa en vigor establece:

Educación Secundaria Obrigatoria

Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, Xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Bacharelato

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Formación profesional específica

Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.

Ensinanzas de persoas adultas

Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantirá que o



desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

A consellería competente en materia de educación establecerá un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentarse en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

HORARIOS E UTILIZACIÓN DAS LINGUAS

Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino das materias de lingua galega e de lingua castelá.

Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

En todas as áreas, materias ou módulos, agás nas sinaladas no parágrafo anterior e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo.

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO

SITUACIÓN DE PARTIDA

O citado documento será renovado, ampliado e/ou modificado se é o caso, unha vez que se realice no instituto un detallado diagnóstico da situación sociolingüística deste e do seu contorno.

Para tal propósito elaborárase no segundo trimestre deste curso escolar 2023-24 a Estatística de alumnado que nos aporte datos significativos que nos fagan valorar a eficacia deste Proxecto Lingüístico.

Dado que o espírito da normativa reguladora é fomentar a competencia lingüística do noso alumnado tanto na fala galega coma castelá, non só debemos facer un simple reparto da carga horaria das distintas materias ao 50%, senón que tamén debemos ter en conta que en moitos contextos será preciso que esa porcentaxe sexa maior nunha ou noutra lingua, segundo as competencias lingüísticas do grupo do alumnado. Só así lograremos que estes mozos e mozas sexan realmente plurilingües.

Os barrios dos que procede o noso alumnado amosan un claro predominio do uso do castelán, exclusivo en moitas familias.

A lingua galega non é estraña á maioría, mais o seu uso está restrinxido, en moitos casos ás aulas.

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou países, sexan falantes de castelán ou doutras linguas, perciben a necesidade de aprender o galego e de incorporarse á nosa cultura a través da lingua. Mais para iso é necesario garantir a competencia no galego, e tamén a extensión do uso vehicular da lingua nas actividades extraescolares e complementarias.

O profesorado é un elemento de colaboración imprescindible para a adquisición non soamente das competencias lingüísticas oral e escrita, que corresponden ao seu labor, senón para a difusión do respecto pola cultura galega.

Entendemos que esta especial atención ven sendo necesaria pola situación de desvantaxe que o galego presenta no noso centro.

Coa colaboración do Equipo de Dinamización lingüística e o departamento de Lingua e literatura galega, realizaremos ao longo deste curso unha enquisa para ter datos obxectivos en torno á situación sociolingüística.

4. LINGUAS QUE SE EMPREGAN NAS ÁREAS, MATERIAS, MÓDULOS OU ÁMBITOS DE COÑECIMENTO

No apartado 5 do DOC (Horario de grupos) detállase a distribución horaria en galego/castelán nos diferentes niveis de ensinanza no IES 12 de Outubro, nos que se cumpre maioritariamente a normativa esixida, xa que se atopa dentro das porcentaxes establecidas polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

En concreto, nas ensinanzas da oferta formativa do centro o reparto do uso das linguas galega e castelá é o seguinte:

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO CURSO 2024-2025

ENSINO SECUNDARIO OBRIGATORIO				
1º ESO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
LINGUA GALEGA E LITERATURA		4		
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			3	
1ª LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS				3
MATEMÁTICAS			5	
XEOGRAFÍA E HISTORIA		3		
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		3		
EDUCACIÓN FÍSICA		2		
RELIXIÓN			1	

PROXECTO COMPETENCIAL		1		
2ª LINGUA EXTRANXEIRA: FRANCÉS				2
EDUCACIÓN PLÁSTICA			2	
PROXECTO COMPETENCIAL		1		
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN			3	
2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS				2
2º ESO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
2ª LINGUA FRANCÉS				2
2ª LINGUA PORTUGUÉS				2
FÍSICA E QUÍMICA			3	
PROXECTO COMPETENCIAL		1		
XEOGRAFÍA E HISTORIA		3		
EDUCACIÓN FÍSICA		2		
INGLÉS				3
LINGUA CASTELÁ			4	
LINGUA GALEGA		3		
MATEMÁTICAS			5	
MÚSICA		2		
RELIXIÓN		1		
TECNOLOXÍA			3	
3º ESO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
LINGUA GALEGA E LITERATURA		3		
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			3	
1ª LINGUA EXTRANX. INGLÉS				3
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS			4	
XEOGRAFÍA E HISTORIA		3		
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		2		
FÍSICA E QUÍMICA			2	
EDUCACIÓN FÍSICA		2		
RELIXIÓN			1	
EDUCACIÓN EN VALORES		1		
2ª LINGUA EXTRANX. FRANCÉS				3
EDUCACIÓN PLÁSTICA			2	
MÚSICA			2	
EDUCACIÓN DIXITAL			3	
PROXECTO COMPETENCIAL		1		
4º ESO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		3		
XEOGRAFÍA E HISTORIA		3		
EDUCACIÓN FÍSICA			2	
PROXECTO COMPETENCIAL		1		
FÍSICA E QUÍMICA			3	
INGLÉS				3
2ª LINGUA FRANCÉS				3
LATÍN			3	
LINGUA CASTELÁ			3	
LINGUA GALEGA		3		
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS			4	
MATEMÁTICAS APLICADAS			4	
EDUCACIÓN DIXITAL			3	
TECNOLOXÍA			3	

MÚSICA			3	
EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
ECONOMÍA		3		
RELIXIÓN			1	
FORM. ORI. PERS. PROF.		3		
FILOSOFÍA		3		
ORATORIA			3	
BACHARELATO				
1º BACHARELATO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
LINGUA GALEGA E LITERATURA		3		
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA			3	
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS				3
FILOSOFÍA		3		
EDUCACIÓN FÍSICA		3		
LATÍN I			4	
MATEMÁTICAS APLIC. ÁS CCSS			4	
ECONOMÍA		4		
GREGO I		4		
HISTORIA DO MUNDO CONT.		4		
TICS			4	
MATEMÁTICAS I			4	
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		4		
DEBUXO TÉCNICO I			4	
TECNOL. E ENXEÑARÍA			4	
FÍSICA E QUÍMICA			4	
RELIXIÓN		1		
VALORES ÉTICOS		1		
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL			4	



2º BACHARELATO				
MATERIA	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Bioloxía		4		
Grego II			4	
Debuxo Técnico II			4	
Empresa e Des. Mod. Neg.		4		
Física			4	
Historia da Arte		4		
Búsqueda da información		1		
Historia da Filosofía		3		
Historia de España		3		
Inglés				3
Latín II			4	
Lingua Castelá			3	
Lingua Galega		3		
Matemáticas II			4	
Matemáticas aplicadas ás CCSS			4	
Química		4		
Relixión			1	
Historia da Música e da Danza		4		
TICS			4	
Xeografía		4		



GRAO BÁSICO DE PEITEADO E ESTÉTICA				
1º FPB PEITEADO E ESTÉTICA				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Ciencias Aplicadas I			5	
Comunicación e Ciencias Sociais I		4		2 (Inglés)
Preparación da contorna profesional		3		
Depilación mecánica e descoloración da peluxe			4	
Lavado e c. de forma do cabelo		6		
Cambio de cor do cabelo			5	
Itinerario persoal básico para a empregabilidade			2	
2º FPB PEITEADO E ESTÉTICA				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Atención á clientela		3		
Ciencias Aplicadas II		7		
Coidado estéticos básicos de uñas			6	
Comunicación e Ciencias Sociais II		4		2 (Inglés)
Maquillaxe			9	
CICLOS FORMATIVOS				
CICLO MEDIO INSTALACIÓN S ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Electrotecnia		7		
Electrónica			3	
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Instalación s eléctricas interiores			11	
Automatismos industriais			8	
Inglés I				2
Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo		1		
Infraestructuras comúns de telecomunicación en vivendas e edificios		7		
Instalación s domóticas		7		
Instalación s de distribución		9		
Instalación s solares fotovoltaicas			3	
Máquinas eléctricas			7	
Empresa e iniciativa emprendedora			3	

CICLO SUPERIOR SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS E AUTOMATIZADOS				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Sistemas e circuitos eléctricos			7	
Técnicas e procesos nas instalacións eléctricas			8	
Técnicas e procesos nas instalacións domóticas e automáticas		8		
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións			6	
Inglés I				2
Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo		1		
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
Documentación técnica en instalación eléctrica		6		
Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación		7		
Configuración de instalacións domóticas e automáticas			8	
Xestión da montaxe e do mantemento de instalación eléctrica		4		
Configuración de instalacións eléctricas		8		
Proxecto de sistemas electrotécnicos e automáticos		2		
CICLO MEDIO de MECANIZADO				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Procesos de mecanizado			5	
Fabricación por arranque de labra		14		
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Interpretación gráfica		5		
Sistemas automatizados		5		
Inglés				2
Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo			2	
Mecanizado por control numérico			18	
Fabricación por abrasión, electroerosión, corte e conformación, e por procesos especiais		8		
Metroloxía e ensaios			7	
Empresa e iniciativa emprendedora			3	



CICLO SUPERIOR EN PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Execución de procesos de fabricación		7		
Definición de procesos de mecanizado, Conformación e montaxe		7		
Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica			5	
Verificación de produtos			5	
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Interpretación gráfica		5		
Inglés				2
Sustentabilidade aplicada ao sector produtivo			1	
Mecanizado por control numérico			15	
Fabricación asistida por computador			4	
Programación da produción		8		
Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental		6		
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
CICLO MEDIO DE MANTEMENTO ELECTROMECAÁNICO				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Técnicas de unión e montaxe		4		
Técnicas de fabricación		8		
Electricidade e automatismos			7	
Automatismos pneumáticos e hidráulicos			8	
Itinerario persoal para a empregabilidade I		5		
Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo			1	
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
Montaxe e mantemento de liñas automatizadas		7		
Montaxe e mantemento eléctrico-electrónico			7	
Montaxe e mantemento mecánico		7		
Mecanizado por control numérico (CNC)			8	
Lingua estranxeira profesional I				3
Lingua profesional estranxeira II				3



CURSO DE ESPECIALIZACIÓN DE FABRICACIÓN ADITIVA				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Deseño de estruturas alixeiradas e optimización tipolóxica en fabricación		3		
Escaneado e reparación de mallas 3D		3		
Manexo, reparación e custos da fabricación aditiva		4		
Modelaxe, laminado e impresión 3D			9	
Postprocesado		3		
Tecnoloxías de fabricación aditiva			3	
CICLO MEDIO DE ESTÉTICA E BELEZA				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Técnicas de hixiene facial e corporal		7		
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Maquillaxe		5		
Análise estética			4	
Imaxe corporal e hábitos saudables			4	
Cosmetoloxía para estética e beleza			5	
Estética de mans e pés		4		
Inglés I				2
Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo			1	
Actividades en cabina de estética			9	
Depilación mecánica e decoloración		8		
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
Márketing e venda en imaxe persoal			4	
Perfumaría e cosmética natural			6	
Técnicas en uñas artificiais		6		

CICLO MEDIO PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Estética de mans e pés			4	
Imaxe corporal e hábitos saudables			4	
Cosmética para peiteado			5	
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Peiteados e recollidos		9		
Análise capilar			4	
Inglés I				2
Sustentabilidade aplicada para o sector produtivo		1		
Peiteado e estilismo masculino		3		
Márketing e venda en Imaxe persoal			4	
Coloración capilar			12	
Técnicas de corte do cabelo		12		
Cambios de forma permanente do cabelo		5		
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
CICLO SUPERIOR DE ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR.				
MÓDULO	CARGA HORARIA	GALEGO	CASTELÁN	OUTROS
Aparellos estéticos		5		
Masaxe estética		9		
Procesos fisiolóxicos e de hixiene en estética e benestar			4	
Dermoestética			5	
Cosmética aplicada a estética e benestar			6	
Itinerario persoal para a empregabilidade I		4		
Inglés I				2
Sustentabilidade aplicada ao sector produtivo			1	
Estética hidrotermal			7	
Depilación avanzada		7		
Drenaxe estética e técnicas por presión		5		
Micropigmentación		6		
Tratamentos estéticos integrais			8	
Empresa e iniciativa emprendedora			3	
Proxecto de estética Integral e benestar		2		



5. MEDIDAS DE APIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaelic, phpwebquest, etc.). Estas últimas están dispoñibles no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

<http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/ obradoiro.htm>.

Editar en galego as publicacións (periódicas ou non) do centro, xa sexan en papel ou en formato electrónico.

Procurar que nos blogs existentes se use o galego.

A biblioteca do centro estará ben dotada de libros e revistas en galego e fomentará a súa lectura mediante diferentes actividades.

A información dos taboleiros de anuncios, letreiros e resto de informacións estará en galego.

As persoas responsables correspondentes encargaranse de ter ben dotada de materiais audiovisuais unha fonoteca e unha mediateca do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.

Fomentar o uso do galego nas actividades extraescolares. Para iso o profesorado terá que se implicar en solicitar guías, conferenciantes ou relatores que utilicen o galego como vehículo de comunicación.

Poñer o alumnado en contacto coa realidade actual do país:

Mediante a realización de visitas de carácter didáctico que lles permita aos estudantes coñecer a presenza da lingua na Galicia de hoxe, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.

Por medio dun panel informativo que recolla as informacións máis importantes relacionadas coa presenza social do galego.

Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos, clubs de lectura etc que desenvolvan a súa actividade en galego.

Impulsar a elaboración de vídeos e curtametraxes en galego.

Colaborar co equipo de dinamización da lingua galega (EDLG).

6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSIANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

O número de alumnos e alumnas inmigrantes que temos no centro non é elevado dende hai varios anos.

En 1º da ESO, desdobre nas materias de Lingua galega e Lingua castelá.

En 1º e 2º de ESO clases de reforzo xeral ao alumnado exento de francés.

Materia de libre configuración de centro en 1º ESO. Reforzo en Lingua galega.

Materia de libre configuración de centro en 2º ESO. Reforzo en Lingua castelá.

7. DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Ao fronte da organización das actividades de dinamización do galego, tal como a lei indica, atópase o equipo de normalización lingüística, apoiado en todo momento polo equipo directivo. Ambos dous, en colaboración co profesorado, desenvolverán:

Accións centradas no uso do galego (oral e escrito).

Trátase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro, facendo dela unha lingua «próxima» tanto nas aulas como fóra delas.

Aspectos visuais e documentais do centro:

Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos etc.

Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversos enlaces, a consulta doutras páxinas de interese.

Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados etc.

Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.

Utilización do galego nas vías de comunicación co público e alumnado en xeral (páxina web, taboleiros de anuncios, comunicados nas aulas...)

Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os de rexistros de entrada e saída, da biblioteca etc.



Usos lingüísticos cotiáns orais:

Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente na atención ao público.

Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de nais e pais, festivais, conferencias etc.

Empregar o galego en actividades extraescolares.

Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.

Actividades dirixidas á creación de actitudes positivas:

Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos, destinadas ao profesorado e ao alumnado.

Intentar traer persoas de prestixio entre o alumnado para que falen en galego con eles.

Divulgar unha imaxe da lingua galega centrada nun argumentáreo moderno, vangardista, cunha linguaxe transgresora que complemente o discurso identitario. É fundamental a ligazón con todos os avances de interese que nos proporcionan as TICs.

Realizar carteis, adhesivos ou slógans promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.

Facer públicos os avances anuais no uso do galego no centro.

Espallar entre o profesorado e o alumnado, así como entre os restantes membros da comunidade educativa, todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua.

Establecer un taboleiro permanente para recollelas.

Outorgarlles unha presenza destacada na web do centro e nos blogs para divulgar eses contidos.

Prestarlles atención especial a todo o relacionado coas TICs.

Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas, etc.

Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida lle afecta a cada membro da comunidade educativa.

2.-MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O FOMENTO DO GALEGO



As medidas que, progresivamente, se irán tomando no seo do Equipo de Normalización Lingüística ao longo do curso son as seguintes:

NIVEL INTERNO

Ámbito curricular

OBXECTIVOS

Proporcionarlle ao profesorado e ao alumnado o material lingüístico necesario para o seu emprego curricular e didáctico.

No ámbito curricular levarase a cabo un traballo interdisciplinario en colaboración co profesorado e alumnado tanto das materias que se van impartir en galego como nas restantes que consistirá basicamente no seguinte:

elaboración interna de vocabularios específicos das materias citadas, así como a súa tradución primeiramente ao galego e posteriormente se é posible ás linguas que se dan no Centro como é o francés, portugués e inglés.

Ámbito profesorado

OBXECTIVOS:

Mellorar a concepción no emprego e utilidade da lingua galega

Fomentar o emprego do galego no ámbito curricular, no ámbito docente en xeral e no ámbito persoal e particular

Implicalos no proceso de fomento da lingua galega

Farase unha exposición mural no taboleiro do 2º andar de novas sociolingüísticas relacionadas con este idioma

Intentarase elaborar unha revista de Centro onde participe o maior número de alumnos-as e onde expresen os seus desexos, gustos e inquedanzas.

Procurarase instalar en todos os ordenadores do Centro os programas que nel se utilizan en galego.

Proporcionaráselle:

toda a información referida a cursos de formación relacionados co emprego da lingua galega

todo o material auxiliar que precise para poder ter un bo coñecemento de lingua galega tanto na escrita como na oralidade. Para isto, na medida do posible, e sempre que o orzamento nolo



permita, dotaremos aos Departamentos didácticos de Ortografías e gramáticas de galego, Dicionarios galegos e de tradución castelán-galego, inglés-galego e francés-galego e proporcionarlles o Tradutor virtual castelán –galego e o Corrector de lingua galega tanto para o uso persoal como profesional.

Ámbito do alumnado

OBXECTIVOS:

Mellorar a autoestima como falantes de galego nos alumnos-as galego-falantes

Mellorar a estima cara á lingua por parte dos non-falantes

Fomentar o emprego do galego no ámbito escolar e no ámbito persoal e particular

Mellorar a concepción no emprego e utilidade da lingua galega

Fomentar a curiosidade e o coñecemento de aspectos relativos á cultura galega especialmente no eido musical, literario, gastronómico e etnográfico

Inseridas dentro das actividades de fomento do galego por parte do Equipo de Dinamización Lingüística figuran para este curso escolar as seguintes:

“cinema en galego” coa proxección dalgún filme recente e coa posibilidade de traer os protagonistas del: director e actores principais.

No eido etnográfico fomentaranse actividades en datas que celebran costumes tradicionais como son: o samaín, o magosto, o entroido e os maios principalmente procurando que sexan actividades interdisciplinares e que colaboren a meirande parte dos departamentos, así como o Equipo de Biblioteca.

Realizaranse saídas de inmersión lingüística en distintos ámbitos e desde os distintos departamentos: coñecemento do medio, da flora, da fauna, ...

Prepararase un Proxecto Toponímico que analice e estude os topónimos da contorna, das vilas ás que pertencen os alumnos.

No eido musical darase a coñecer a música galega e a lusófona coa intervención dalgún cantautor representativo do ámbito lusófono.

No eido literario daremos a coñecer no taboleiro do 2º andar as novas literarias galegas así como os clásicos da literatura galega. Neste eido tamén se inclúen os concurso de microrrelatos, relatos e poesía en galego.



Colaborarase na celebración de días significativos como o San Valentín, Nadal, e principalmente Día das Letras Galegas a través de concursos literarios, de deseño ou recitais poéticos.

No ámbito curricular o Departamento de Orientación colabora no fomento de galego en:

Colaboración en actividades relacionadas co uso do galego

Reforzo educativo dirixido a alumnos-as con necesidades específicas de apoio educativo no ámbito da lingua galega en 1, 2 e 3º cursos da ESO.

ámbito do persoal non-docente, administrativo

NIVEL EXTERNO

Procuraremos a colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística.

Ámbito das familias

Intentaremos que as familias participen na maior parte dos proxectos mencionados.

A través dos pais intentaremos recompilar información sobre a toponimia da contorna na cal eles habitan.

Faremos especial fincapé nas familias estranxeiras (vid. Apartado 4)

Ámbito administrativo externo: principalmente no ámbito do Concello (Servizos Sociais) e da Xunta de Galicia (principalmente Educación e Consellería de Benestar)

Ámbito das empresas. O comercio exterior local

Este curso escolar iniciarase a análise do uso do galego no ámbito alimentación, principalmente supermercados da contorna para en cursos posteriores proceder a galeguizar algunhas das súas seccións.

3.-Criterios para determinar a lingua predominante do contorno

A falta de enquisas que verifiquen esta situación podemos intuír que:

Unha alta porcentaxe de alumnado da ESO é castelán falante

Esta porcentaxe diminúe conforme avanzamos nos cursos: en BAC hai maior número de galego falantes pese a seren de zona urbana todos eles e en Ciclos Formativos, dada a procedencia rural ou semirural do alumnado, o número de galego falantes é moito máis significativo.

A lingua predominante da contorna é o castelán



4.-MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN.

Poñer en marcha un vocabulario de aula que inclúa como entradas aquelas palabras galegas máis importantes no ámbito escolar. Será a clase a que os elabore a comezos de curso xunto con aquela persoa ou persoas estranxeiras. Proporcionarase unha tradución desas palabras á lingua ou linguas diferentes do galego e do castelán para que poidan ser empregadas para coñecemento e estudo nas clases de linguas.

Elaborar un vocabulario básico de comunicación nos termos aos que nos referimos anteriormente estruturado en dous niveis:

Nivel 1: destinado a estranxeiros con un ano de estanza en Galicia

Nivel 2: destinado a estranxeiros con máis dun ano

Intentaremos que estes vocabularios figuren na páxina Web do noso Instituto para que poidan ser empregados por outros centros.

Crear nas aulas a figura de monitores lingüísticos a modo de voluntariado que posibilite a inmersión lingüística do alumnado estranxeiro. Estes monitores posibilitarán as saídas de inmersión lingüística a lugares frecuentados na vida cotiá: supermercados, cafeterías, librarías, ... para que este alumnado estranxeiro se familiarice co vocabulario galego habitual e frecuente na fala dos galegos. Coordinará esta aprendizaxe e os seus avances o profesor-a de lingua galega.

Ao igual que outros anos, o Departamento de Orientación proporcionaralles o reforzo educativo necesario en 1, 2 e 3º cursos da ESO en lingua galega.

Faremos especial fincapé nas familias estranxeiras proporcionándolles todo o apoio lingüístico e a documentación en galego que necesiten en todo o relacionado co ámbito escolar: instancias dirixidas a Inspección, solicitudes de bolsas, escritos a Servizos Sociais, solicitudes de exención, traslados de centro, solicitudes de transporte escolar, de uso do comedor,

5.- Avaliación do proceso

Ao fin de cada curso escolar procederemos á valorar co alumnado e profesorado a implementación práctica do proxecto así coma os resultados obtidos, tomando as medidas correctoras que se estimen oportunas para unha mellor consecución dos obxectivos propostos. Do mesmo xeito farase unha avaliación continua que correrá a cargo tanto do Equipo de Dinamización Lingüística como do responsable da Sección Bilingüe.



Solicitamos da Consellería de Educación de Ourense a supervisión e inspección deste Proxecto Lingüístico como medida correctiva e/ou colaboradora coas directrices que figuran neste documento.

Este Proxecto Lingüístico foi elaborado coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística e o coordinador da Sección Bilingüe, foi analizado en reunión de Comisión de Coordinación Pedagóxica. O procedemento para a súa entrada en vigor será o da ratificación en primeiro lugar do Claustro e posteriormente do Consello Escolar.

En Ourense, 23 de xaneiro de 2024

8. DINAMIZACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

É un obxectivo prioritario do centro que os alumnos se sintan europeos e que comprendan a necesidade de manexar outras linguas, sobre todo o inglés.

Unha das dúas liñas do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) é de Internacionalización. Con esta liña tense a intención de formar ao profesorado para ir introducindo o centro pouco a pouco en proxectos internacionais (E-twinning e outros) e máis adiante en intercambios de profesorado e/ou alumnado.

Por outra parte, o instituto participa neste curso no Programa de Acreditación de linguas estranxeiras, no que se inscribiron 14 rapazas e rapaces da ESO, Bacharelato e Ciclos formativos.

Cada departamento didáctico explicará na súa programación as medidas de dinamización que adoptarán, pero cabe destacar:

INGLÉS

A SECCIÓN BILINGÜE

Para o fomento do uso do inglés o centro cóntase cunha sección bilingüe nesta lingua, a cal empregará criterios pedagóxicos equivalentes aos do fomento do galego. A materia que se imparte en inglés é Tecnoloxía en 2º de ensino secundario obrigatorio con un total de 3 horas semanais.

Ofértanse tamén as TICs de 4º da ESO en inglés pero nos últimos cursos non se impartiu por non ter acadado un número suficiente de alumnos. Seguirase ofertando nos cursos seguintes.

Tódolos anos solicítase un auxiliar de conversa como medida de apoio aos nosos alumnos, a cal reforza tanto aos alumnos/as da sección bilingüe coma os da propia área de



inglés.

En tódolos cursos se deseñan actividades específicas para o fomento do uso do inglés no centro como son: obras de teatro, visitas guiadas fóra, actividades de inmersión na cultura propia da auxiliar de conversa, campamentos de inmersión lingüística etc.

Continuamos coas sección bilingües nos ciclos formativos de Sistemas electrotécnicos e automatizados e Automatización e robótica industrial nos módulos de Formación e orientación laboral e Empresa e iniciativa emprendedora.

Durante o presente curso 2023-24 temos asignada unha auxiliar de conversa, que está no centro por segundo ano. O horario que ten esta docente cobre unha hora á semana cos grupos que teñen a sección bilingüe e ademais complementa horario cunha hora de inglés en todos cursos da ESO. Deste xeito procurárase potenciar e dinamizar o ensino do inglés, a través de grupos reducidos de conversación.

Promover actividades para o alumnado seleccionado para as mobilidades Erasmus co apoio do profesorado do departamento de inglés e o coordinador das seccións bilingües.

FRANCÉS

O número de alumnado que estuda francés flutúa duns cursos a outros. Seguramente ten que ver con que o número de alumnado en cursos superiores da ESO e en Bacharelato é bastante menor que nos primeiros cursos da ESO e resulta difícil acadar as ratios mínimas para as materias optativas. Este curso, ademáis de en 1º e 2º ESO, impártese en en 3º ESO e 2º Bacharelato como materia optativa.

As seccións bilingües e Erasmus do instituto queren fomentar o emprego de linguas estranxeiras de forma cotiá no centro, a fin de mellorar o nivel usuario do alumnado e facilitar a incorporación do alumnado de FP aos seus destinos internacionais. Para iso, continuaremos como en anos anteriores con accións nas que poderá participar todo o alumnado e profesorado do centro, ademais da participación en programas e actividades internacionais.

Igualmente, iniciaránse accións de comunicación entre o alumnado de bacharelato e formación profesional para a difusión dos diferentes niveis do Marco Común Europeo de referencia para as Linguas e promover a acreditación dunha lingua estranxeira equivalente como mínimo ao nivel B1.

Este proxecto lingüístico foi aprobado polo Claustro con data 27/06/2024 . Actualizarase anualmente a Addenda a este proxecto coincidindo co inicio do curso.